

1. O Club Atletismo Rías Baixas e a Delegación da FGA en Pontevedra organizan, co patrocinio de Deporte Pontevedra, a II Xornada do Circuito de Atletismo en Pista de Pontevedra o día 25 de marzo do 2017. Dita xornada realizarase nas pistas do CGTD de Pontevedra baixo o control do CGX.

2. Horario e cámara de chamadas

Entrada Cámara Chamadas	Saída Cámara Chamadas	HORA PROBA	Proba		
16:20	16:30	17:00	Altura ¹	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Mixto
16:20	16:30	17:00	Lonxitude ²	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Feminino
16:35	16:45	17:00	400 mv 0,914	Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Masculino
16:55	17:05	17:20	400 mv 0,762	Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Feminino
17:15	17:25	17:35	200 ml	T36	Masculino
17:20	17:30	17:40	300 ml	Cadete	Masculino
17:40	17:50	18:00	300 ml	Cadete	Feminino
18:00	18:10	18:20	150 ml	Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Masculino
17:50	18:00	18:30	Xavelina ³	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Mixto
17:50	18:00	18:30	Lonxitude ⁴	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Masculino
18:20	18:30	18:40	150 ml	Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Feminino
18:40	18:50	19:00	1000 ml	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Masculino
19:00	19:10	19:20	1000 ml	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Feminino
18:50	19:00	19:30	Peso ⁵	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Mixto
19:15	19:25	19:40	4x100 ml	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Masculino
19:35	19:45	20:00	4x100 ml	Cd-Xv-Xn-Pr-Sn-Vt	Feminino

*O horario poderá sufrir modificacións en función do número de inscricións.

**Haberá mellora nos concursos, sendo esta conxunta nos concursos mixtos.

Alturas de inicio previstas
¹ Altura
Feminina 1.35 m Masculina 1.55 m
<i>Publicaranse as definitivas coas inscricións</i>

Marcas mínimas de participación			
² Lonxitude F	³ Xavelina	⁴ Lonxitude M	⁵ Peso
4.00 m	Feminina 30 m Masculina 40m	5.00 m	Feminina 9 m Masculina 10m
<i>Marcas realizadas nas tempadas 15-16 e 16-17</i>			

3. As **inscricións** realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:59 horas do martes 21 de marzo de 2017.

4. A recollida de **dorsais** se realizará na secretaría da competición ata 45' antes de cada proba, debendo confirmar asemade cada unha das probas a realizar.

5. Todos os atletas terán que pasar pola cámara de chamadas en tempo e forma.

6. **Premios:** Haberá premios para o vencedor de cada proba, consistentes en material deportivo da firma JimSports, así coma premio especial para a mellor marca IAAF (táboa 2011) masculina e feminina.

7. **Premios finais do circuito:** Establécense premios ás cinco mellores marcas absolutas masculina e feminina no cómputo das 6 xornadas. (Empregarase a táboa IAAF do 2011)

Premios valorados en:

- 1º premio –250€
- 2º premio – 200€
- 3º premio –150€
- 4º premio –100€
- 5º premio –50€

Para poder optar ós premios é obrigatoria a participación en dúas das seis xornadas do circuito. Éstes entregaranse na derradeira xornada sendo obrigatoria a presenza na premiación.

8. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo ós regulamentos da FGA, RFEA e IAAF.